



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ANUNCIO DE CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAIS E PEZAS DE MOBILIARIO DE COCIÑA E BAÑO

(REFORMA 17)

RESOLUCIÓN do 18 de setembro de 2017 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, a particulares para a adquisición de materiais e pezas de mobiliario de cocíña e baño (Reforma17), así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria.

Beneficiarios: Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas, maiores de idade, consumidores individuais, propietarias ou titulares de calquera dereito sobre inmobles do sector residencial situados na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que os bens subvencionables descritos no artigo 3 das bases reguladoras se adquiran nunha entidade colaboradora adherida ao programa Reforma17 e se destinen ao dito inmovible.

Obxecto: As axudas concédense en réxime de concorrencia non competitiva e teñen por obxecto incrementar e incentivar a demanda interna de materiais de rehabilitación e pezas de mobiliario para cocíña e baño en Galicia, e tratar de repercutir con ela nos sectores industriais e comerciais galegos.

O Igape publicará na súa páxina web www.igape.es/reforma17 a relación actualizada en todo momento dos establecementos de venda adheridos ao programa.

Contía das axudas: A contía da axuda será dun 20 % sobre o prezo dos bens, impostos excluídos, e antes do desconto requirido no seguinte parágrafo, cun máximo acumulado de subvención de 1.000 € por beneficiario.

A axuda do Igape virá condicionada a un desconto realizado polo establecemento de venda, que será realizado sobre a base imponible da factura, de importe polo menos da mesma contía que a axuda outorgada polo Igape.

Polo tanto, a diferenza de prezo sobre a base imponible resultante para o comprador dos bens obxecto de axuda será do 40 % desta, cos límites expostos, mediante o desconto e a subvención á compra, sen prexulzo de calquera desconto adicional que se puidese obter por políticas concretas de venda ou promocións dos establecementos ou fabricantes.

Prazo de presentación de solicitudes: O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará aos 10 días hábiles desde o día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o 17 de novembro de 2017, agás que se produza o suposto de esgotamento de crédito.

Máis información:

- Na páxina web do Igape (<http://www.igape.es/reforma17>) estará dispoñible unha listaxe de entidades colaboradoras do programa Reforma 17.
- Na oficina de rehabilitación do Concello de Padrón, poden informalle destas axudas.

Padrón, 27 de setembro de 2017

O alcalde
Asdo. Antonio Fernández Angueira.

